



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO, INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA , A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DE A VEIGA PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO “ CONSTRUCCIÓN DO OBSERVATORIO ASTRONÓMICO EN A VEIGA”**

En Santiago de Compostela, **17 OUT. 2017**

**REUNIDOS**

D<sup>a</sup>. Beatriz Mato Otero , **conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia** , en nome e representación da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio , segundo Decreto 148/2016, de 13 de novembro, polo que se nomean aos titulares dos departamentos da Xunta de Galicia e segundo as competencias que téñen atribuídas polo Decreto 167/2015, de 13 de novembro.

D. Ángel Bernardo Tahoces, en nome e representación do **Instituto Enerxético de Galicia ( INEGA )** , con domicilio na rúa Avelino Pousa Antelo, nº 5 (15703 Santiago de Compostela) e na súa calidade de director deste, cargo para o que foi nomeado polo Decreto 235/2012, do 5 de decembro, facendo uso das facultades do seu cargo e das que lle foron conferidas en virtude das atribucións que lle confire a Resolución do 10 de marzo de 2017 pola que se delegan competencias atribuídas á persoa titular da Presidencia da Axencia Inega (DOG núm. 60, do 27 de marzo).

D<sup>a</sup>. María Nava Castro Domínguez, **directora da Axencia Turismo de Galicia**, actuando en nome e representación desta entidade, en virtude do nomeamento polo Decreto 34/2013, do 21 de febreiro e conforme as facultades que lle confire o artigo 5 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos que atribúe a competencia para asinar convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial .

D. Jose Manuel Baltar Blanco, **presidente da Deputación Provincial de Ourense**, actuando en nome e representación desta entidade local e en uso das atribucións que lle veñen conferidas polo acordo plenario de data 14.07.2015 , de elección do seu presidente, artigo 34.1.b da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local e actuando en uso das competencias atribuídas polos artigos 109 e seguintes da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia , con domicilio , para efectos deste convenio no Pazo Provincial , emprazado na Rúa Progreso, 32 , 32003 Ourense .

D. Juan Anta Rodríguez, alcalde do **Concello de A Veiga**, actuando en nome e representación desta entidade local e en uso das atribucións que lle veñen conferidas polo acordo plenario de data 13 de xuño de 2015, de elección de Alcalde , artigo 21.1.b da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e actuando en uso das competencias atribuídas polo artigo 61 da Lei



5/1997, de Administración Local de Galicia , con domicilio para efectos deste convenio, na Casa do Concello, situada na Praza do Concello nº 1 , 32360 , A Veiga .

As partes, no nome e na representación coa que concorren e coa capacidade legal para este acto

### EXPOÑEN

**Primeiro.-** O concello da Veiga, iniciou no ano 2014 o proceso de inscrición, realización de auditoría e posterior certificación da Veiga como Destino Turístico Starlight , financiado polo Deputación Provincial de Ourense.

O Concello da Veiga, con data do 16 de xullo de 2016 converteuse na primeira institución pública de Galicia que asumiu a " Declaración sobre a defensa do ceo nocturno e o dereito á luz das estrelas " Declaración de La Palma 2007, converténdose no primeiro territorio galego que acadou a certificación de " Destino Turístico Starlight " .

Posteriormente o Parlamento de Galicia, con data do 29 de setembro de 2015 asumiu na súa integridade a " Declaración sobre a defensa do ceo nocturno e o dereito á luz das estrelas" Declaración de La Palma 2007, asumindo de maneira explícita :

- " 1) O dereito a un ceo nocturno non contaminado que permita gozar da contemplación do firmamento debe considerarse un dereito inalienable da Humanidade, equiparable ao resto dos dereitos ambientais, sociais e culturais.*
- 2) A difusión da astronomía e dos valores científicos e culturais asociados deberán considerarse contidos básicos a tratar na actividade educativa.*
- 3) É imprescindible o control da contaminación luminosa en todo o territorio galego dado o impacto que xera sobre moitas especies, hábitats, ecosistemas e paisaxes. Deberá promoverse e esixirse o uso racional da iluminación artificial para minimizar o resplandor que provoca no ceo e evitar a nociva intrusión de luz sobre os seres humanos e o medio natural.*
- 4) Os lugares que presenten condicións excepcionais para a contemplación do ceo, e en particular aqueles máis aptos para a observación con fins científicos, serán obxecto dunha protección especial.*
- 5) Deberá fomentarse o turismo responsable e sostible que faga da paisaxe nocturna un recurso a protexer e poñer en valor. "*

**Segundo.-** As administracións asinantes do presente Convenio consideran necesario establecer unha alianza de conservación e desenvolvemento , dende as súas diferentes responsabilidades , para promover :

\* A protección do medio ambiente nocturno, combinando os excepcionais valores naturais e paisaxístico coa protección contra a contaminación lumínica coma factor clave na súa función de conservación da natureza, por canto os efectos negativos causado pola intrusión de luz artificial afectan gravemente a especies, hábitats e ecosistemas.

\* O uso racional da iluminación artificial , asegurando un uso eficiente da enerxía e poñendo en práctica medidas contra a contaminación lumínica evitando impactos innecesarios contra a vida na natureza.

\* A promoción e o recoñecemento dos ceos nocturnos coma recurso a valorar na actividade turística , apoiando o desenvolvemento do “ Destino Starlight” e de novos produtos turísticos responsables sustentados na observación do firmamento, as estrelas e os fenómenos da noite.

\* A difusión e promoción dos recursos culturais, científicos e naturais vinculados a astronomía, por ter representado un elemento esencial no desenvolvemento de todas as culturas e civilizacións e nos moitos avances científicos e técnicos que definen o progreso.

*En consideración a todo o exposto, é vontade das partes asinantes a colaboración, de acordo ás seguintes*

### **CLÁUSULAS**

#### **PRIMEIRA : Obxecto .**

O presente Convenio de Colaboración ten por obxecto establecer as bases de cooperación interadministrativa para a construción e posta en funcionamento do proxecto denominado “ Observatorio Astronómico de A Veiga” , con criterios de eficiencia enerxética e de loita contra a contaminación lumínica.

#### **SEGUNDA : Descrición do proxecto : “ Observatorio Astronómico de A Veiga “ .**

O futuro Observatorio Astronómico constará dun edificio de uns 500 mts<sup>2</sup> , construído sobre unha parcela de 5.000 mts. con criterios de eficiencia enerxética e uso de enerxías renovables, e estará equipado con :


- Planetario de última xeración para aproximadamente 60 prazas, que permitirá recrear o universo coñecido, aterrizar no planeta desexado ou aproximarse a calquera obxecto, de xeito tal que o espectador se sinta nun entorno real , mediante proxeccións especialmente deseñadas para todos os públicos .

- Observatorio destinado para a ciencia e o estudo así como para afeccionados e visitantes . O Observatorio constará de dúas cúpulas de 3 e 4 mts. dotadas con telescopios.

- Espazo para exposicións concibido coma un espazo aberto que albergará exposicións, propias e itinerantes, charlas, xornadas e talleres ideados a partires da ciencia e a astronomía .

#### **TERCEIRA : Finalidade do proxecto :**

\* **Creación dunha infraestrutura científico-turística** no Destino Turístico Starlight que terá coma obxectivos divulgar a ciencia e a astronomía , estimular novas vocacións científicas e





converterse nun foco de atracción de visitantes e fomentar o Turismo Astronómico ou AstroTurismo en Galicia, desenvolvendo actividades para visitantes.

**\* Creación da Escola Galega de Astronomía.**

Esta Escola pretende acercar o mundo da Astronomía e da Astrofísica a persoas que teñan pouco ou nulo contacto previo con estas ciencias así coma na profundización de coñecementos dos que xa son afeccionados, establecendo programas adaptados a todos os niveis : escolares, bacharelato, universitarios, público adulto e astrónomos afeccionados, ofrecendo a posibilidade de realizar observacións con instrumentación astronómica.

A Escola , aproveitando as características de excelencia para a observación da zona, terá un carácter teórico-práctico . As sesións teóricas explicarán conceptos de Astronomía e Astrofísica necesarios para a observación , técnicas de observación, fenómenos celestes e adquisición de coñecementos xerais sobre o Universo.

As sesións prácticas consistirán no manexo de telescopios, prismáticos e na realización de observacións nocturnas e observación diúrnas con telescopios solares

**\* Crear a Universidade de Verán.** Coa denominación de Universidade de Verán coñécense os Cursos que organizan as distintas universidades en períodos vacacionais de verán . O alumnado universitario e postgraduado ten a oportunidade de engadir ao seu currículo académico cursos especializados , que na meirande parte dos mesmos lle conceden créditos de libre configuración segundo o modelo formativo actual . O futuro centro será posto a disposición de calquera universidade para a organización de Cursos de Verán , tanto no eido turístico e de ocio e tempo libre coma no eido científico .

**\* Crear un Punto de Encontro de expertos e profesionais** destinado ás universidades galegas, principalmente aos Campus Universitarios de Ourense e Lugo; as Asociacións Astronómicas , principalmente as Asociacións Astronómicas Ourenseñas , aínda que con vocación de acoller a universidades , asociacións astronómicas e afeccionados de toda Galicia e dos territorios limítrofes de León, Castela e incluso Portugal.

**CUARTA : Localización .**

O Futuro “ Observatorio Astronómico de A Veiga ” estará situado dentro do territorio certificado pola Fundación Starlight coma Destino Turístico Starlight cujas condicións climáticas – grande altitude e ausencia de contaminación lumínica – permiten unha atmosfera pura e , en consecuencia, noites extraordinariamente estreladas e claras .

Próximos están os Sendeiros Trevincos ( Rutas homologadas pola Federación de Montaña de Galicia , coma os únicos sendeiros de montaña de toda Galicia ) que discorren entre o maior conxunto de Vales , Lagoas e Turbeiras Glaciares de Galicia e punto de encontro coas rutas de sendeirismo que proceden da Trevinca Sanabresa ( Parque Natural del Lago de Sanabria y arredores) .

O Concello de A Veiga, declarado Municipio Turístico Galego en 2002, , conta con unha ampla oferta de aloxamentos : Hoteis, Pensións, Casas de Turismo Rural e Apartamentos Turísticos suficientes para albergar aos futuros usuarios do Observatorio Astronómico de Trevinca .

#### **QUINTA: Orzamento**

O orzamento previsto para estas actuacións ascende a **650.928€**, co seguinte desagregamento:

- Redacción do proxecto básico e Execución .....**25.000€**
- Edificio de 481,00m2 .....363.867,63€
- Urbanización de 2.090,00m2 ..... 50.000,00€

Total PEM (orzamento de execución material) ..... 413.867,63€  
Gastos Xerais (13%) + Beneficio Industrial (6%) .....78.634,85€  
IVA (21%) ..... 103.425,52€

Total PEC (orzamento de contrata) ..... **595.928,00€**

Dirección de Obra, de execución e Seguridade e Saude..... **30.000€**

O citado orzamento executarase nos anos 2017 e 2018, coa seguinte distribución:

- Anualidade 2017: Redacción proxecto básico e execución, por importe de 25.000€
- Anualidade 2018: Realización do resto de actuacións, por importe de 625.928€

#### **SEXTA: Compromisos das partes asinantes**

1. A **Axencia Turismo de Galicia** achegará ao presente convenio a cantidade de **325.928€** con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.760.0 (código de proxecto 2015 00006) procedentes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes aos exercicios económicos 2017 e 2018, conforme á seguinte distribución:

- Ano 2017.....Redacción do proxecto básico e execución polo importe máximo de 25.000€
- Ano 2018.....300.928€ para a execución da obra de edificación e urbanización, dirección de obra, de execución e seguridade e saúde .

2. O **Instituto Enerxético de Galicia** achegará ao presente convenio a cantidade de 75.000€ con cargo á aplicación orzamentaria 09.A2.733A.781.0 procedente dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018

Este importe do Instituto Enerxético de Galicia, será ampliado no orzamento da Secretaría Xeral da Presidencia, aplicación 04.10.761A.732.12, código de proxecto 2015 635, con correlativa ampliación no orzamento da Axencia Turismo de Galicia, na aplicación orzamentaria 04.A2.761A.760.0 código de proxecto 2015 0006.




3. A **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio** comprométese á dotación do equipamento necesario para a posta en funcionamento do observatorio, unha vez rematadas as actuacións obxecto do presente convenio. A citada dotación será concretada a través do correspondente convenio de colaboración, e quedará condicionada a sinatura do mencionado convenio de colaboración.

4. A **Deputación de Ourense** achegará a contía de 250.000€, así como levará a cabo as accións necesarias para o cumprimento do convenio, en concreto a contratación, seguimento e execución das obras de edificación polo importe máximo de 595.928,00€ e a súa xustificación diante da Axencia Turismo de Galicia.

Así mesmo, a Deputación de Ourense deberá colocar un cartel de obra no que conste de xeito visible a colaboración da Xunta de Galicia, e incluírá en toda a documentación e soportes da obra que se realice, que esta conta coa colaboración da Xunta de Galicia, así como a “Marca Turística de Galicia” regulada polo Decreto 121/2011, do 16 de xuño.

5. Pola súa banda, o **Concello de A Veiga**, entidade que será a titular do observatorio, asume as seguintes obrigas:

- Contratar o proxecto básico e de execución
- Contratar a dirección de Obra, de execución e Seguridade e saúde
- A achega dos terreos necesarios para a execución do proxecto .
- Tramitar os permisos e autorizacións necesarias para a execución do proxecto e para a posta en funcionamento da instalación .
- A posta en funcionamento e apertura ao público das instalacións, unha vez concluída a realización das obras.
- O mantemento en perfecto estado de conservación das instalacións .
- Incluír en toda a documentación e soportes da actuación obxecto deste convenio que se realice, que esta conta coa colaboración da Xunta de Galicia, así como a “Marca Turística de Galicia” regulada polo Decreto 121/2011, do 16 de xuño.





- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de e control do destino do investimento.

- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

#### **SÉTIMA.- Entrada en vigor**

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura, e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2018.

#### **OITAVA.- Compatibilidade**

De acordo co disposto no artigo 40.1, letra d) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **NOVENA.- Subcontratación**

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incorrer a entidade para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

- a) A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.
- b) Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O concello será o responsable de que na execución da actividade

subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixíranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

- c) Os subcontratistas están obrigadas/os a lles facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

O beneficiario non poderá concertar a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

1. Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
3. Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
4. Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización de órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

#### **DÉCIMA.- Inexistencia de relación laboral**

A subscripción do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria á Axencia Turismo de Galicia, nin as consellerías de Economía, Emprego e Industria, e de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- Constitución dunha comisión de seguimento**

Constituirase unha comisión de seguimento que interprete e asegure o bo fin e cumprimento do obxecto deste convenio e resolva as controversias xurdidas como consecuencia da execución deste.

A comisión estará formada por un representante de cada unha das partes, nomeados polos seus máximos responsables que se reunirán por solicitude dunha das partes asinantes, considerándose constituída se asiste polo menos un dos representantes de cada entidade.

#### **DÉCIMO SEGUNDA: Gastos subvencionables**

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen no período comprendido entre o **1 de xaneiro de 2017 e o 1 de decembro de 2018**. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- Xustificación**

O **Concello de A Veiga** deberá presentar a xustificación correspondente as actuacións a que se obriga para anualidade de 2017 antes do 15 de decembro de 2017.

O prazo para presentar a documentación xustificativa por parte do **Concello da Veiga e a Deputación de Ourense** correspondente ás actuacións a desenvolver na anualidade de 2018 remata o **1 de decembro de 2018**

O **Concello de A Veiga e Deputación** deberán remitir antes desas datas a documentación requirida, todo iso conforme co artigo 28 da referida Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e co artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (rendición da conta xustificativa).



O Concello de A veiga e a Deputación de Ourense presentarán a conta xustificativa da execución das obrigas previstas neste convenio á Axencia turismo de Galicia que conterà, de conformidade co disposto no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde/alcaldesa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1º. O cumprimento da finalidade da subvención.

2º. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación de obra de se lo caso, importe data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Non se esixe a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Certificado de tasador/a independente debidamente acreditado/a inscrito/a no correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmobles.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, de se lo caso dos criterios de repartición dos custos xerais e/o indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

e) De ser o caso, os tres orzamentos que se requiren en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A Deputación de Ourense deberá remitir a Axencia Turismo de Galicia unha reportaxe fotográfica na que se constate o estado previo ao comenzo da obra e o resultado final unha vez executada a mesma, así como a colocación do cartel de obra ao que se fai referencia na cláusula sexta.



Así mesmo de acordo co artigo 8 do dito Decreto 193/2011, de 6 de outubro, a conta xustificativa do Concello e Deputación debe incluír a **certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas ás facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.**

Asemade deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

Por outro lado, o Concello deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

A contribución económica da Axencia de Turismo de Galicia minorarase de forma proporcional no caso de que o Concello de A veiga e a Deputación de Ourense non xustifiquen o orzamento previsto na cláusula quinta.

A Axencia Turismo de Galicia reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio. A Axencia Turismo de Galicia procederá a comprobación material do investimento deixando constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada tanto polas partes.

A tenor do artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, Concello de A Veiga e Deputación de Ourense estará obrigada a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria das beneficiarias de cada un dos aboamentos das subvencións concedidas.

#### **DECIMO CUARTA - Pagamentos anticipado e a conta**

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, sen que se sobrepase a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario obxecto deste convenio por importe do 100% da subvención concedida, de

conformidade co disposto no artigo 6.3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Así mesmo poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do citado Regulamento que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada.

Para proceder ao seu pagamento, o Concello de A veiga a a Deputación deberá enviar a documentación xustificativa establecida na cláusula anterior.

Conforme ao artigo 65.4.c) do decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia o Concello e a Deputación de Ourense quedan exonerados da constitución de garantía.

#### **DÉCIMO QUINTA.- Modificación do convenio**



Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, no seu caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do presente convenio.

#### **DÉCIMO SEXTA - Causas de resolución**

Serán causas de resolución do presente convenio:


O cumprimento do seu obxecto.

O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

#### **DÉCIMO SÉTIMA.- Natureza xurídica do convenio**

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fora do ámbito do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no apartado c) do parágrafo primeiro do artigo 4.



12



Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento do convenio, e en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa e contra elas poderase interpor recurso contencioso-administrativo segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.

#### **DÉCIMO OITAVA.- Publicidade do convenio**

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en diante) comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

#### **DÉCIMO NOVENA.- Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio**



As partes asinantes autorizan e consenten a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.


En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por quintuplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

**Conselleira de Medio Ambiente e**

**Ordenación do Territorio**

  
Dª Beatriz Mato Otero

**Director do Instituto Enerxético de Galicia**

  
Ángel Bernardo Tahoces


**Directora de Turismo de Galicia**

  
Mª Nava Castro Domínguez

**Presidente da Deputación Provincial de  
Ourense**

  
José Manuel Baltar Blanco

**Alcalde do Concello de A Veiga**

  
Juan Anta Rodríguez